



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Urbanística 4	Código	630G02032	
Titulación	Grao en Estudos de Arquitectura			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Vazquez Mosquera, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.vmosquera@udc.es	
Profesorado	Gallego Picard, Pablo	Correo electrónico	pablo.gallego@udc.es	
	García Fontán, Cristina		cristina.garcia.fontan@udc.es	
	Vazquez Mosquera, Jose Manuel		jose.vmosquera@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia é un achegamento á comprensión do espazo construído polo home e da forma coma expresión da súa organización reflexionando sobre as causas que as xeran.</p> <p>Presupón a importancia do análise, desenvolvendo aproximacións a unha metodoloxía do seu estudo, inculcando a esixencia do rigor e da busca de creatividade o longo deste proceso. A expresión gráfica, o dibuxo, coma forma de coñecemento, de expresión e coma intento de romper ca dicotomía entre clases teóricas e prácticas.</p> <p>No estudo da forma do territorio, incídese na comprensión da súa dinámica a través do análise das súas transformacións entendendo a construción do espazo coma un proceso.</p> <p>O enfoque é a partir do espazo do home de hoxe. Dunha aproximación á comprensión da paisaxe actual. Dende o presente da cidade de hoxe, dos procesos de construción do territorio actual e das súas respostas ca arquitectura, dende onde procedemos á reflexión sobre os cambios que se producen, valorando o seu pasado inmediato.</p> <p>Desenvólvense clases sobre o coñecemento do soporte territorial e as discusións que sobre a cidade se produciron a partir do Movemento Moderno e que foron claves na comprensión teórica da cidade, do espazo construído polo home, buscando o que de común ten o discurso da paisaxe actual co da arquitectura de hoxe.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizaron cambios</p> <p>2. Metodoloxías Metodoloxías docentes que se manteñen _Sesión maxistral _Proba mixta *Metodoloxías docentes que se modifican _Obradoiro: Os exercicios a desenvolver nesta metodoloxía incorpóranse na metodoloxía "Traballos tutelados"</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado _Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, resolver dúbidas, solicitar encontros virtuais, e facer o seguimento dos traballos tutelados. _Moodle: Diariamente e segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, a través dos que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos impartidos. _Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?Traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Traballos tutelados (40%). En relación cos traballos tutelados valorarase: - A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas. - O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A presentación e a claridade da exposición. *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que as referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que haxa presencial ate o momento no que se suspenda a actividade presencial. E requisito para superar a materia tanto asistir e participar regularmente nas actividades da clase como entregar e expoñer os traballos tutelados na data e nos medios que se indiquen.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía _Non se modifican.</p>
-----------------------------	---

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Aptitude para aplicar os procedementos gráficos á representación de espazos e obxectos (T)
A2	Aptitude para concibir e representar os atributos visuais dos obxectos e dominar a proporción e as técnicas do debuxo, incluídas as informáticas. (T)
A3	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo dos sistemas de representación espacial.



A4	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo da análise e teoría da forma e as leis da percepción visual.
A5	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo da xeometría métrica e proxectiva.
A6	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo das técnicas de levantamento gráfico en todas as súas fases, dende o debuxo de apuntes á restitución científica.
A7	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo dos principios da mecánica xeral, a estática, a xeometría de masas e os campos vectoriais e tensoriais.
A8	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo dos principios da termodinámica, acústica e óptica.
A9	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo dos principios da mecánica de fluídos, hidráulica, electricidade e electromagnetismo.
A10	Coñecemento axeitado e aplicado á arquitectura e ao urbanismo das bases de topografía, hipsometría e cartografía e as técnicas de modificación do terreo.
A11	Coñecemento aplicado do cálculo numérico, a xeometría analítica e diferencial e os métodos alxébricos.
A12	Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar estruturas de edificación. (T)
A13	Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar sistemas de división interior, carpintería, escaleiras e demais obra rematada. (T)
A15	Aptitude para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar solucións de cimentación. (T)
A16	Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar instalacións de subministración, tratamento e evacuación de augas, de calefacción e de climatización. (T)
A17	Aptitude para aplicar as normas técnicas e construtivas.
A19	Aptitude para conservar a obra rematada
A20	Aptitude para valorar as obras.
A25	Coñecemento axeitado dos sistemas construtivos convencionais e a súa patoloxía.
A29	Coñecemento dos procedementos administrativos e de xestión e tramitación profesional.
A30	Coñecemento da organización de oficinas profesionais.
A34	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteprojectos. (T)
A35	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos urbanos. (T)
A36	Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de dirección de obras. (T)
A42	Aptitude para catalogar o patrimonio edificado e urbano e planificar a súa protección. (T)
A43	Capacidade para realizar proxectos de seguridade, evacuación e protección en inmobles. (T)
A47	Capacidade para elaborar estudos medioambientais, paisaxísticos e de corrección de impactos ambientais. (T)
A48	Coñecemento axeitado das teorías xerais da forma, a composición e os tipos arquitectónicos.
A49	Coñecemento axeitado da historia xeral da arquitectura.
A50	Coñecemento axeitado dos métodos de estudo dos procesos de simbolización, as funcións prácticas e a ergonómia.
A51	Coñecemento axeitado dos métodos de estudo das necesidades sociais, a calidade de vida, a habitabilidade e os programas básicos de vivenda.
A52	Coñecemento axeitado da ecoloxía, a sostibilidade e os principios de conservación de recursos enerxéticos e medioambientais.
A53	Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos.
A54	Coñecemento axeitado da estética e a teoría e historia das belas artes e as artes aplicadas.
A55	Coñecemento axeitado da relación entre os patróns culturais e as responsabilidades sociais do arquitecto.
A56	Coñecemento axeitado das bases da arquitectura vernácula.
A57	Coñecemento axeitado da socioloxía, teoría, economía e historia urbanas.
A58	Coñecemento axeitado dos fundamentos metodolóxicos do planeamento urbano e a ordenación territorial e metropolitana.
A59	Coñecemento dos mecanismos de redacción e xestión dos planos urbanísticos a calquera escala.
A61	Coñecemento do análisis de viabilidade e a supervisión e coordinación de proxectos integrais.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo



B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta
B7	Coñecer o papel das belas artes como factor que pode influír na calidade da concepción arquitectónica
B8	Coñecer o urbanismo e as técnicas aplicadas no proceso de planificación
B9	Comprender os problemas da concepción estrutural, de construción e da enxeñería vinculados cos proxectos de edificios así como as técnicas de resolución destes
B10	Coñecer os problemas físicos, as distintas tecnoloxías e a función dos edificios de xeito que se dote a estes de condicións internas de comodidade e protección dos factores climáticos, no marco do desenvolvemento sostible
B11	Coñecer as industrias, organizacións, normativas e procedementos para plasmar os proxectos en edificios e para integrar os planos na planificación
B12	Comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Competencias específicas:	A1	B1	C1
O valor do análise como proxecto.	A2	B2	C6
Trasladar a un plano o recoñecemento da realidade territorial de xeito que se trasmitan as intencións de proxecto, tratando de mostrar, a traveso do dibuxo, as potencialidades do lugar estudado.	A3	B3	C8
Capacidade de recoñecer, valorar, analizar, definir criterios de intervención, elementos a seleccionar e ámbitos a tratar.	A4	B4	
	A5	B5	
	A6	B6	
	A7	B7	
	A8	B8	
	A9	B9	
	A10	B10	
	A11	B11	
	A12	B12	
	A13		
	A15		
	A16		
	A17		
	A19		
	A20		
	A25		
	A29		
	A30		
	A34		
	A35		
	A36		
	A42		
	A43		
	A47		
	A48		
	A49		
	A50		
	A51		
	A52		
	A53		
	A54		
	A55		
	A56		
	A57		
	A58		
	A59		
	A61		

Contidos	
Temas	Subtemas
A COSTRUCIÓN DO TERRITORIO	01.- ECOLOXÍA HUMANA 02.-XEOGRAFÍA HUMANA 03.-HÁBITAT RURAL 04.-VIVENDA RURAL 05.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA



ANALISE DOS MODELOS DE EVOLUCIÓN DA CIDADE E FORMACIÓN DA PERIFERIA	01.-CIDADES EN EVOLUCIÓN 02.-MOVEMENTO MODERNO 03.-TEAM X 04.-IMAXEN DA CIDADE 05.-A CIDADE COMA ARQUITECTURA 06.-A CIDADE COMA CRECEMENTO 07.-REVOLUCIÓN URBANA E DEREITO Á CIDADE 08.-PERIFERIA
PRACTICAS DE ANÁLISE TERRITORIAL	01.- ORIXE E EVOLUCIÓN DAS FORMAS TERRITORIAIS 02.-PERMANENCIA E TRANSFORMACIÓN DAS COMPOÑENTES TERRITORIAIS 03.-INTERVENCIÓN URBANA

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A48 A49 A51 A52 A53 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B12 C1 C6 C8	15	15	30
Obradoiro	A61 A59 A58 A57 A56 A55 A54 A53 A52 A50 A49 A48 A47 A43 A42 A36 A35 A34 A30 A29 A25 A20 A19 A17 A16 A15 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B10 B11 B12 C1 C6 C8	30	30	60
Obradoiro	A53 A52 A51 A50 A49 A48 A47 A43 A42 A36 A35 A34 A30 A29 A25 A20 A19 A17 A16 A15 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 B12 B11 B10 B9 B7 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C6 C8	30	29	59
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>SESIÓNS TEÓRICAS</p> <p>Esta materia enténdese como unha unidade teórico-práctica, co que estas sesións son imprescindibles para a elaboración da parte práctica.</p> <p>Serán fundamentalmente presenciais complementadas con traballos individuais concretos</p>



Obradoiro	PRÁCTICA DE ANÁLISE URBANA- Traballos tutelados que computan na avaliación, co fomento da participación e de discusión dirixida.
Obradoiro	PRÁCTICA DE ANÁLISE TERRITORIAL Traballo en taller, tutelado e con comentarios e discusión dirixida.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Obradoiro	<p>Os profesores da materia seguirán os obradoiros, facilitando a comprensión da materia e a elaboración dos distintos traballos propostos, que se realizarán individualmente ou en grupos de 3 membros.</p> <p>Nos talleres recíbese atención personalizada concernente ao traballo que está a desenvolverse, a traveso do profesor do grupo ao que fose asignado.</p> <p>Contarase cos medios complementarios:</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a traveso das que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.</p> <p>? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A48 A49 A51 A52 A53 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B12 C1 C6 C8	<p>Contidos teóricos que explican a materia e propoñen unha reflexión sobre o proceso de construción territorial, e que ademais contribue a formar unha base teórica e un espírito crítico para o desenvolvemento da parte práctica dos obradoiros.</p> <p>Os coñecementos adquiridos serán avaliados mediante unha proba individual obxectiva. Tamén se valorará a participación na clase mediante opinións/escritos/reflexións que xurdan ao longo do desenvolvemento da materia.(ata un 10%)</p> <p>Será obrigatorio para superar a materia ter aprobada esta proba individual</p>	50
Obradoiro	A53 A52 A51 A50 A49 A48 A47 A43 A42 A36 A35 A34 A30 A29 A25 A20 A19 A17 A16 A15 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 B12 B11 B10 B9 B7 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C6 C8	<p>Traballo tutelado e discusión dirixida</p> <p>Achegamento á comprensión do espazo do home de hoxe, á comprensión da paisaxe actual.</p> <p>O debuxo coma método de análise e de esixencia do rigor necesario no proceso racional de comprensión das formas territoriales que expresan o uso do territorio.</p> <p>Avalíanse os resultados a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo e a evolución das equipas deberán aparecer reflectidos na documentación final</p>	10



Obradoiro	<p>A61 A59 A58 A57 A56 A55 A54 A53 A52 A50 A49 A48 A47 A43 A42 A36 A35 A34 A30 A29 A25 A20 A19 A17 A16 A15 A13 A12 A11 A10 A9 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 B1 B2 B3 B4 B5 B9 B10 B11 B12 C1 C6 C8</p>	<p>Traballo tutelado e discusión dirixida. Partindo do presente, discutir sobre a cidade actual, sobre a súa construción coma proceso continuo de transformación e das súas respostas ca arquitectura. Unha reflexión sobre os cambios que se producen e con referencias ao pasado inmediato e a súa valoración. Avalíanse os resultados a través dun proceso docente tutelado e guiado, onde o esforzo e a evolución das equipas deberán aparecer reflectidos na documentación final</p>	40
-----------	--	--	----

Observacións avaliación

Para poder superar a materia será necesario cumprir os seguintes requisitos: 1º Aprobar a proba/examen, si non se aproba, non se fai media coa parte práctica. 2º Entregar e aprobar todos os traballos propostos nos prazos e formas indicados na materia. 3º Asistir regularmente as clases, obradoiros e ao Taller. Esixírase unha asistencia mínima do 80%. Terá a condición de NON PRESENTADO o/a alumno/a que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

1º Non cumpla a asistencia esixida ás clases teóricas, prácticas e ao Taller.
2º Non entregue os traballos propostos en forma e prazo, ou os entregue incompletos. Consideraranse incompletos aqueles traballos que non conteñan a documentación requirida en prácticas e en tódalas asignaturas que compoñen o Taller. 4º Non asista á proba obxectiva. Para presentarse á 2ª oportunidade no suposto de non ter superados os Obradoiros será obrigatorio a presentación da complementación dos mesmos nas condicións que estableza o profesor á vista do traballo realizado no curso. De acordo co establecido na memoria do Título de Grao de Arquitecto, convocarase unha Xunta de Avaliación do taller, que analizará os resultados globales do mesmo e dirimirá, no seu caso, sobre as situacións especiais de avaliación do alumnado. Os alumnos que non superen nas dúas oportunidades de cada convocatoria a materia de Proxectos 7 deberán cursar o taller o ano seguinte. Neste caso, os alumnos, ademais de Proxectos 7, desenvolverán os traballos das materias que non houberan superado no taller do ano anterior. Aqueles alumnos que, superada a materia de Proxectos 7, non superaran algunha das outras materias do taller, terán que presentar, en consecutivas convocatorias, de novo e coas correccións oportunas, os traballos propostos no taller no que participaron.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Hawley, Amos (). Ecología humana. Tecnos - George, Pierre (). Compendio de geografía rural. - Jone, Emery (). Alquerías y poblados. - Geddes, Patrick (). Ciudades en evolución . - Benevolo, Leonardo (). La proyectación de la ciudad moderna. Editorial Gustavo Gili - Ciam IV (). Principio de urbanismo_la carta de Atenas. - Lynch, Kevin (). La imagen de la ciudad. Editorial Gustavo Gili - Rossi, Aldo (). La arquitectura de la ciudad. Editorial Gustavo Gili - Lefebvre, Henry (). La revolución urbana. - de Solá-Morales, Manuel (). Formas estructurales de crecimiento urbano. - de Solá-Morales, Manuel (). De cosas urbanas. Editorial Gustavo Gili - Leguineche, Manuel (). La felicidad de la tierra. Alfacuara - Berger, John (). Sobre el dibujo. Editorial Gustavo Gili - Jacobs, Jane (). Muerte y vida de las grandes ciudades. Capitán Swing Libros - Koolhaas, Rem (). Delirios de Nueva York. Editorial Gustavo Gili - Juel-Christiansen, Carsten (). Monumento y nicho. DRU 4 - Castells, Manuel (). La cuestión urbana. Siglo XXI Editores - Izquierdo Vallina, Jaime (). La casa de mi padre. KRK Ediciones - Fraguas y Fraguas, Antonio (). Geografía de Galicia.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Urbanística 1/630G01018
 Urbanística 2/630G01024
 Urbanística 3/630G02029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Proxectos 7/630G01031

Materias que continúan o temario

Urbanística 5/630G01042
 Ordenación do Territorio/630G01057
 Métodos de Planeamento/630G01058
 Actuacións Urbanísticas Contemporáneas/630G02060

Observacións

-O desenvolvemento de toda a práctica deberase realizar con debuxos realizados a man e de forma individual ou en grupo.-Valorarase a asistencia ao taller, as entregas das prácticas e a participación en clase do alumn@. PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19. De non poder realizarse presencialmente as clases, tanto interactivas como expositivas, estas realizaranse en formato online. Do mesmo xeito se realizará a avaliación. Utilizaranse para eses fins a plataforma Teams, moodle USC e o correo electrónico? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se sepon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do aluma

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías